



SECRETARIA XERAL DE CULTURA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO PARA FINANCIAMENTO DURANTE O ANO 2020 DE PARTE DOS SEUS GASTOS CORRENTES, DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E OUTROS GASTOS DE CAPITAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Secretaria Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Padroado do Museo do Pobo Galego o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración da consellería de Cultura, Educación e Universidade co Padroado do Museo do Pobo Galego no financiamento durante o ano 2020 de parte dos seus gastos correntes, das actividades culturais e outros gastos de capital para o ano 2020 no que se recolle a realización de obras e instalacións nas dependencias do museo, exposicións, actividades didácticas, actividades propias de conservación, biblioteca, educación e accións culturais, publicacións e comunicacións.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar basease no seguinte:

Primeiro: A asociación “Padroado do Museo do Pobo Galego” foi constituída en Santiago de Compostela en 1976, cos obxectivos de investigar, conservar, divulgar, defender e promover a cultura galega en todos os seus ámbitos; e concretamente, crear e desenvolver un museo ao servizo destes obxectivos.

O antigo convento de Santo Domingo de Bonaval acolle hoxe o Museo do Pobo Galego, que a través dun amplo e variado conxunto de pezas ofrece unha panorámica das manifestacións máis representativas da cultura propia de Galicia. As súas salas permanentes mostran aspectos do mundo do mar, dos oficios tradicionais, do campo, da música, da indumentaria, do hábitat e da arquitectura, da sociedade, da memoria e da tradición. Tamén dispón de espazos de exposicións temporais de temática diversa, dun auditorio e de servizos museísticos de biblioteca, videoteca e arquivo gráfico e sonoro.



Segundo: A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro dos seus ámbitos de competencias amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural.

Terceiro. De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia para o outorgamento desta axuda non é posible promover a concorrência pública dado o carácter singular das actividades subvencionadas, que non as vai desenvolver ningunha outra institución coa proxección nacional e internacional do Museo do Pobo Galego. Así mesmo, resulta de utilidade pública tanto pola diversidade de sectores de poboación coma polo número de persoas que participan nelas. Dado o seu marcado carácter singular, no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 recóllese unha subvención a favor do Padroado do Museo do Pobo Galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O Secretario Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

